

ACTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO DUNHA TRABALLADORA SOCIAL, PERSOAL LABORAL FIXO NO CONCELLO DE MURAS

Na Casa Consistorial, sendo as 08.45 horas da mañá do día 19 de outubro de 2020, reúnese o tribunal cualificador do proceso selectivo para a contratación dunha traballadora social, persoal laboral fixo no Concello de Muras, asistindo:

Presidenta: Silvia Lamelas Soto
Secretario suplente: José Ferreiro Fernández
Vogal: Silvia García López
Vogal: Iria Lamazares Fernández
Vogal: José Ramón Fernández Gallego

Esta segunda proba consiste no desenvolvemento por escrito e durante un prazo de tres horas de dous temas a elixir de entre os catro sacados ao azar polas aspirantes, dos 53 temas que compoñen a parte específica do temario. Os membros do tribunal deciden cales serán os criterios de valoración así como a puntuación que se asignará a cada un deles, decidindo por unanimidade que serán os seguintes:

- 1.- Estrutura coherente do tema: secuencia lóxica e ordenada: 10 puntos
- 2.- Nivel de profundización e actualización dos contidos adecuados ao tema: 10 puntos
- 3.- Emprego de terminoloxía propia da praza convocada: 2 puntos
- 4.- Adecuada expresión escrita: ortografía e gramática: 2 puntos
- 5.- Limpeza e lexibilidade; 1 punto

O tribunal desprázase ata a Casa do Médico, lugar onde se realiza a segunda das probas. Tras o chamamento das aspirantes cos números de control 1, 7, 10 e 11, indícaselles que serán elas as que ao azar (mediante sistema “bingo) elixirán os catro temas dos cales deberán elixir dous.

Os catro temas obtidos son:

8. Decreto do 24 de xullo de 1889 polo que se publica o Código Civil. Texto consolidado coas modificacións posteriores. Lei de Enxuízamento Civil, Lei 1/2000, do 7 de xaneiro. Lei 2/2006, do 14 de xuño, de Dereito Civil de Galicia. Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia en Galicia. Lei 10/2007, do 28 de xuño, de reforma da disposición adicional terceira da Lei 2/2006, de 14 de xuño, de dereito civil de Galicia. Decreto 248/2007, do 20 de decembro, polo que se crea e se regula o Rexistro de Parellas de Feito de Galicia. Modificado polo Decreto 146/2014, do 13 de novembro. Lei 15/2015, de 2 de xullo, da Xurisdición Voluntaria.
21. Avaliación no proxecto metodolóxico.

33. Colectivo: Familia e Infancia. Intervención en casos de maltrato infantil.
Protocolo básico de actuación. Actuacións perante situacións de desprotección:
risco e desamparo.

47. Normativa de Política Social. Ámbito nacional.

Finalizados os exames e tras un pequeno descanso, procédese ao chamamento das aspirantes para a lectura dos seus exercicios obtendo os seguintes resultados:

Nº control	Estrutura coherente do tema: secuencia lóxica e ordenada	Nivel de profundización e actualización dos contidos adecuados ao tema	Emprego de terminoloxía propia da praza convocada	Adecuada expresión escrita: ortografía e gramática	Limpeza e lexibilidade
1 (tema 47)	8	8	1	1.5	1
1 (tema 33)	3	2	1	1.5	1
7 (tema 21)	3	2	1	1.5	1
7 (tema 33)	5	3	1	1.5	1
10 (tema 21)	3	2	1	1.5	1
10 (tema 33)	5	3	1	1.5	1
11 Deixa o exame en branco					

As puntuacións obtidas polas aspirantes son as seguintes:

Nº CONTROL	TOTAL
1	28
7	20
10	20
11	0

Á vista das puntuacións obtidas e visto que é necesario obter un mínimo de 25 puntos dun total de 50 para superar esta proba, pasa ao terceiro dos exercicios o número de control 1, sendo convocada para o próximo día 3 de novembro de 2020 ás 09.00 da mañá para a realización do terceiro exercicio consistente no desenvolvemento dun ou varios casos prácticos.

Quedan unidos ao expediente as actuacións realizadas, levantándose a presente acta o día 20.10.2020, que despois da súa lectura e conformidade asinan dixitalmente os membros do tribunal